

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

12136 *Real decreto 1362/2012, do 27 de setembro, polo que se regula a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos.*

A disposición derradeira segunda, número 2, do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, en redacción dada pola Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, que deriva do Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, do mesmo nome, encomendou ao Goberno a aprobación dun regulamento que estableza a composición e organización da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, así como os seus procedementos de actuación e as medidas de apoio para o desenvolvemento das funcións da Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

En cumprimento deste mandato legislativo dítase este real decreto, que ten por obxecto regular a composición, organización e funcións da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos.

A Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos é un órgano colexiado tripartito que foi creado pola disposición derradeira oitava da Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos traballadores, coa función de asesoramento e consulta ás partes da negociación colectiva verbo da formulación e determinación do ámbito funcional dos convenios.

En desenvolvemento desta disposición derradeira, ditáronse dúas disposicións regulamentarias que regulan a súa constitución e funcionamento, a saber, o Real decreto 2976/1983, do 9 de novembro, polo que se regula a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, e a Orde do 28 de maio de 1984 pola que se aproba o seu regulamento de funcionamento.

Nestes trinta anos de funcionamento, a Comisión foi asumindo outras importantes funcións, como a de observatorio da negociación colectiva para a información, estudo e difusión da negociación colectiva, que lle foi atribuída pola disposición adicional sétima da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

O Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, orixinariamente, e a Lei 3/2012, do 6 de xullo, despois, modificaron o artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores relativo ao réxime de inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo aplicable e prevían, na falta de acordo entre as partes, a intervención da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos para a solución da discrepancia cando os procedementos de solución de conflitos de preferente aplicación, previstos na negociación colectiva, non sexan aplicables ou non solucionasen finalmente a discrepancia.

Por tanto, a reforma laboral engadiu ás tradicionais funcións consultivas e de observatorio da negociación colectiva da Comisión unhas funcións decisorias de especial importancia, que favorecerán e potenciarán a utilización nas empresas dos mecanismos de flexibilidade interna consistentes na inaplicación das condicións de traballo previstas nos convenios colectivos cando concorran causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, evitando así que o axuste laboral se produza a través do recurso aos despedimentos.

Con todo, estas funcións decisorias non son enteiramente novas nas actividades da Comisión, pois teñen un claro precedente na disposición transitoria sexta do propio Estatuto dos traballadores, que facultaba a Comisión Consultiva de Convenios Colectivos para establecer unha arbitrase nos casos de falta de acordo para a negociación dun convenio colectivo para cubrir os baleiros consecuencia da derogación das antigas ordenanzas de traballo.

A necesidade de regular esta nova función e a de adaptar a estrutura da Comisión ao sistema actual de negociación colectiva trinta anos despois da súa constitución fan necesario que o mandato lexislativo para regular a Comisión se cumpra a través dun novo regulamento que substitúa o anterior de 1983 e proporcione unha regulación completa da súa composición e funcións.

Os obxectivos que persegue este real decreto son os seguintes:

Primeiro: unificar e sistematizar a regulación da composición e funcións da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, que ata o de agora se encontraba dispersa en dúas normas.

Segundo: desenvolver as funcións decisorias atribuídas polo novo artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores de maneira innovadora á Comisión, para a solución de discrepancias por falta de acordo nos procedementos sobre a inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo de aplicación.

Terceiro: adaptar a organización e o funcionamento da Comisión a esta nova función decisoria, así como ás necesidades que se foron formulando desde a súa constitución, garantindo a eficacia, axilidade e continuidade no exercicio das súas funcións, especialmente a través da creación dunha comisión permanente á cal se lle encomenda o funcionamento ordinario da Comisión, reservando ao Pleno as decisións máis importantes.

O real decreto estrutúrase en cinco capítulos.

O capítulo I inclúe as disposicións xerais da norma, relativas ao seu obxecto, á natureza da Comisión como órgano colexiado tripartito adscrito a Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e ás súas funcións (consultivas, de observatorio e decisorias).

O capítulo II refírese á composición e ao funcionamento da Comisión. Regúlase a composición da Comisión e o modo de designación e as funcións de cada un dos seus membros: o presidente, os dezaioito vogais (seis en representación da Administración xeral do Estado, seis en representación das organizacións empresariais máis representativas e seis en representación das organizacións sindicais máis representativas) e o secretario. Está previsto que a Comisión poida funcionar en pleno ou en comisión permanente, a cal exercerá con carácter ordinario as funcións consultivas e decisorias salvo que expresamente decida reservas ao coñecemento do Pleno. Regúlase o réxime común de adopción de acordos, de convocatoria e de realización de reunións. A seguir regúlanse especificamente a composición, as funcións e o réxime de sesións do Pleno e da Comisión Permanente. O Pleno está integrado por todos os membros da Comisión e reunírase con carácter ordinario polo menos cada seis meses, mentres que a Comisión Permanente está formada polo presidente, dous vogais por cada representación e o secretario, e reunírase con carácter ordinario cada dous meses.

O capítulo III regula as funcións consultivas da Comisión, relativas á determinación do ámbito funcional dos convenios colectivos e á consulta preceptiva no procedemento de extensión de convenios colectivos, delimitando o seu ámbito de actuación supraautonómico e os suxeitos lexitimados para formular estas consultas.

O capítulo IV refírese á actividade da Comisión como observatorio da negociación colectiva para a información, o estudo e a documentación da negociación colectiva e a súa difusión. En desenvolvemento desta función, establécese unha serie de funcións específicas e de actividades do Observatorio.

O capítulo V é o capítulo máis extenso e regula as funcións decisorias da Comisión relativas á solución das discrepancias por falta de acordo nos procedementos sobre a inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo aplicable. Este capítulo divídese en dúas seccións.

A primeira sección inclúe as disposicións xerais das funcións decisorias sobre o seu obxecto, o ámbito de actuación e os suxeitos lexitimados para solicitar a súa actuación, que son as empresas e os representantes dos traballadores. Na regulación do obxecto faise referencia aos dous procedementos de solución de discrepancias que se poden

seguir: o procedemento no seo da propia Comisión ou mediante a designación dun árbitro, con indicación de que, se hai conformidade entre as partes afectadas pola discrepancia, se seguirá o procedemento elixido por elas e, en caso contrario, o que a Comisión decida.

A segunda sección desenvolve o procedemento para a solución de discrepancias xurdidas respecto á inaplicación de condicións de traballo previstas nos convenios colectivos. Regúlase o inicio do procedemento a través dunha solicitude, á cal se lle deberá xuntar a documentación que detalla o real decreto, necesaria para xustificar que concorren as causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción que son presuposto previo da inaplicación das condicións de traballo conforme o artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores.

A seguir, regúlase separadamente o procedemento de solución de discrepancias mediante decisión no seo da Comisión ou mediante a designación dun árbitro, que deberá ser elixido entre expertos imparciais e independentes, sendo de elección preferente aquel sobre o cal as partes mostrasen conformidade. Sexa un ou outro o procedemento aplicable, en todo caso, culminará nunha decisión que deberá solucionar a discrepancia, con pronunciamento sobre a concorrencia das causas alegadas e, de ser o caso, sobre a adecuación da inaplicación das condicións de traballo previstas na solicitude, ben para aceptalas nos seus propios termos, ben para propor que as condicións de traballo de que se trate se inapliquen en distinto grao de intensidade ao solicitado pola empresa.

Finalmente, recóllese unha serie de disposicións sobre aspectos instrumentais que resultan necesarios para o eficaz funcionamento da Comisión, como os relativos ás medidas de apoio da Dirección Xeral de Emprego e da Inspección de Traballo e de Seguridade Social do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de acordo co establecido na disposición adicional sexta da Lei 3/2012, do 6 de xullo, así como o referente á posibilidade de que o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social subscriba convenios de colaboración coas comunidades autónomas en que non se constituísen órganos equivalentes no seu territorio. Por último, está prevista unha serie de particularidades relativas ao procedemento de solución de discrepancias ante a Comisión no suposto de convenios aplicables ao persoal laboral ao servizo das distintas entidades do sector público.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de setembro de 2012,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto regula a composición e as funcións da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, de acordo co establecido na disposición derradeira segunda, número 2, do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, en redacción dada pola Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Artigo 2. *Natureza.*

A Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos é un órgano de carácter colexiado de composición tripartita, integrado por representantes da Administración xeral do Estado e das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, adscrito ao

Ministerio de Emprego e Seguridade Social a través da Dirección Xeral de Emprego, que exerce as súas competencias con independencia e autonomía funcional plenas.

Artigo 3. *Funcións.*

1. A Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos desenvolverá as seguintes funcións.

a) Funcións consultivas verbo da formulación e determinación do ámbito funcional dos convenios colectivos, así como emisión do preceptivo informe nos procedementos de extensión dun convenio colectivo establecidos no artigo 92.2 do Estatuto dos traballadores.

b) Observatorio da negociación colectiva, que englobará a información, o estudo, a documentación e a difusión daquela.

c) Funcións decisorias sobre a solución de discrepancias xurdidas por falta de acordo nos procedementos de inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo de aplicación, nos supostos establecidos no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores.

2. Os ditames, informes e decisións da Comisión entenderanse sempre sen prexuízo das atribucións que corresponden á autoridade laboral e á xurisdición competente nos termos establecidos polas leis, así como das previsións recollidas nos sistemas de solución autónoma de conflitos fixados pola negociación colectiva.

CAPÍTULO II

Composición e funcionamento

Artigo 4. *Composición.*

1. A Comisión estará integrada polos seguintes membros:

a) O presidente, designado polo titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, de entre profesionais de recoñecido prestixio no campo das relacións laborais.

b) Seis vogais en representación da Administración xeral do Estado, designados polo titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

c) Seis vogais en representación das organizacións empresariais máis representativas, nomeados polo titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta vinculante daquelas.

d) Seis vogais en representación das organizacións sindicais máis representativas, nomeados polo titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta vinculante daquelas.

Designarase por cada grupo de representación igual número de suplentes para substituír os vogais titulares nos supostos de vacante, enfermidade ou ausencia, que serán nomeados na forma prevista neste número para aqueles.

2. Como secretario da Comisión actuará un funcionario adscrito aos seus servizos administrativos.

Artigo 5. *Presidencia da Comisión.*

1. Corresponde ao presidente da Comisión:

a) Desempeñar a representación da Comisión.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.

- c) Presidir as sesións e moderar o desenvolvemento dos debates.
- d) Exercer o seu dereito ao voto e dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar acordos.
- e) Visar as actas e certificacións dos acordos da Comisión.
- f) Asegurar o cumprimento das leis e a regularidade das deliberacións.
- g) Exercer cantas funcións sexan intrínsecas á súa condición de presidente da Comisión.

2. En caso de vacante, enfermidade, ausencia ou outra causa de imposibilidade, o presidente será substituído polo vogal que decida o Pleno da Comisión.

Artigo 6. *Vogais de cada grupo de representación da Comisión.*

1. Corresponde aos vogais da Comisión:

- a) Coñecer previamente a orde do día das reunións e a información precisa sobre os temas que se inclúen nela.
- b) Exercer o seu dereito ao voto, podendo facer constar na acta a abstención ou a reserva de voto e os motivos que o xustifiquen, así como o seu voto particular en ditames ou decisións que se aproben por acordo maioritario da Comisión.
- c) Participar nos debates das sesións.
- d) Formular rogos e preguntas.
- e) O dereito á información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- f) Cantas outras facultades sexan intrínsecas á súa condición.

2. Os vogais da Comisión non poderán atribuírse as funcións ou a representación recoñecidas á Comisión, salvo que expresamente se lles outorgase, logo de acordo validamente adoptado e para cada caso concreto pola propia Comisión.

Artigo 7. *Secretario da Comisión.*

1. Corresponde ao secretario da Comisión:

- a) Asistir ás reunións con voz, pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións da Comisión por orde do seu presidente, así como as citacións aos seus membros.
- c) Ser o destinatario único dos actos de comunicación dos vogais coa Comisión. Por tanto, deberase dirixir a el toda clase de notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos cales deba ter coñecemento a Comisión.
- d) Preparar o despacho dos asuntos que debe coñecer a Comisión e redactar as actas das sesións.
- e) Expedir certificacións das consultas, ditames, acordos e decisións aprobados pola Comisión.
- f) Elaborar o proxecto de memoria anual de actividades para a súa aprobación pola Comisión.
- g) Coordinar os servizos administrativos da Comisión.
- h) Calquera outra función que derive da súa condición de secretario.

2. En caso de vacante, enfermidade, ausencia ou outra causa de imposibilidade, o secretario será substituído por outro funcionario adscrito á Comisión.

Artigo 8. *Funcionamento.*

1. A Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos funcionará en pleno e en comisión permanente, de acordo co disposto neste real decreto. De maneira ordinaria a Comisión funcionará en comisión permanente co fin de dotar de maior axilidade a súa actuación, ben que a propia comisión permanente poderá reservar ao Pleno a aprobación de determinados ditames, informes e decisións.

2. Para a validez das deliberacións e acordos da Comisión, en pleno ou en comisión permanente, requirirase a presenza do presidente ou de quen o substitúa, da metade, polo menos, dos seus membros e do secretario ou de quen o substitúa.

3. Os acordos adoptaranse, preferentemente, por consenso entre o presidente e os representantes da Administración xeral do Estado e dos interlocutores sociais. De non ser isto posible, os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes, salvo nos supostos previstos nos artigos 12.2, 16 e 23.2, en que será necesaria a maioría absoluta dos membros da Comisión Permanente ou, de ser o caso, do Pleno.

4. Os membros que discrepen do ditame, informe ou decisión que se aprobe por acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo dun día que, como tal, se incorporará ao texto do ditame, informe ou decisión.

Artigo 9. *Normas comúns de procedemento da Comisión.*

1. A convocatoria de cada reunión da Comisión deberá sinalar o día, a hora e o lugar da reunión en primeira e segunda convocatoria, así como a orde do día, que será cerrada, e irá acompañada da documentación precisa para o estudo previo dos asuntos incluídos nela; efectuarase sempre por escrito, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, polos medios máis idóneos para garantir a recepción cunha antelación mínima de tres días hábiles salvo nos casos de urxencia, que deberá logo apreciar a Comisión ou cando outra cousa se dispoña neste real decreto.

2. O secretario redactará acta de cada reunión, que conterá necesariamente a indicación dos asistentes, a orde das intervencións en cada punto e o seu contido, así como as circunstancias de lugar e tempo en que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como a forma e o resultado das votacións e o contido dos acordos adoptados.

3. Os membros da Comisión poderán solicitar que figure na acta o voto contrario ao acordo adoptado, ou a súa abstención e os motivos que o xustifiquen. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto o texto escrito que corresponda fielmente coa súa intervención, e se faga constar así na acta e se una a ela copia autenticada do escrito.

4. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión. Malia o anterior, o secretario poderá emitir certificacións sobre os acordos específicos que adoptase a Comisión, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

5. O previsto neste artigo será de aplicación tanto se a Comisión funciona en comisión permanente como se o fai en pleno.

Artigo 10. *Pleno da Comisión.*

1. O Pleno estará integrado polo presidente e todos os vogais que representan a Administración xeral do Estado e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como polo seu secretario.

2. O Pleno reunirase en sesión ordinaria, ao menos, unha vez cada seis meses, previa correspondente convocatoria, sen prexuízo de que se poidan realizar sesións extraordinarias, cando pola urxencia dos temas que se deban tratar así o decida o presidente, por iniciativa propia ou por petición maioritaria de calquera das representacións que o compoñen.

3. O Pleno exercerá as seguintes funcións:

a) Aprobar todos os ditames e informes sobre consultas e asesoramentos verbo da formulación e determinación do ámbito funcional dos convenios colectivos, que fosen reservados ao coñecemento do Pleno pola Comisión Permanente.

b) Aprobar o preceptivo ditame no suposto de extensión dun convenio colectivo, cando se reservase ao coñecemento do Pleno pola Comisión Permanente.

c) Aprobar as actividades sinaladas no artigo 15.3 e a memoria anual sobre as actividades da Comisión, que incluíra as actuacións desenvolvidas polo Observatorio da negociación colectiva.

d) Aprobar a decisión para solucionar as discrepancias por falta de acordo nos procedementos sobre a inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo aplicable, segundo o disposto no artigo 83.2 do Estatuto dos traballadores, cando a comisión permanente o reservase ao coñecemento do Pleno.

e) Designar os membros da Comisión Permanente entre os vogais titulares e suplentes da Comisión, por proposta vinculante de cada un dos grupos de representación.

f) Designar o árbitro naqueles supostos en que a comisión permanente, conforme o establecido nos artigos 11 e 23, o reservase ao coñecemento do Pleno, para a solución de discrepancias por falta de acordo nos procedementos sobre a inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo aplicable.

Artigo 11. *Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente estará integrada polo presidente da Comisión e por dous vogais de cada un dos tres grupos que a constitúen, así como polo seu secretario.

2. Conforme o disposto no artigo 8, a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos funcionará de maneira ordinaria en Comisión Permanente para a aprobación dos ditames, informes e decisións a que se refire o número 3, alíneas a), b), d) e f) do artigo 10, salvo que por decisión maioritaria da propia Comisión Permanente se acorde reservar o seu coñecemento ao Pleno.

3. A Comisión Permanente reunirse en sesión ordinaria cada dous meses e en sesión extraordinaria tantas veces como sexa necesario, cando pola urxencia dos temas que se deban tratar así o decida o presidente, por iniciativa propia ou por petición maioritaria de calquera das representacións que a compoñen.

CAPÍTULO III

Funcións consultivas

Artigo 12. *Obxecto.*

1. A Comisión, no exercicio das súas funcións consultivas, emitirá consultas mediante ditames e informes non vinculantes sobre o ámbito funcional dos convenios colectivos, cando lle sexan solicitados de conformidade co establecido neste real decreto.

As consultas referiranse ás seguintes materias:

a) A adecuada formulación do ámbito funcional dun convenio colectivo que se pretenda negociar.

b) A interpretación dun convenio vixente para determinar o seu ámbito funcional de aplicación.

c) A determinación do convenio colectivo de aplicación a unha empresa en función das súas actividades.

2. A Comisión será preceptivamente consultada no suposto de extensión dun convenio colectivo, regulado no artigo 92.2 do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos.

Artigo 13. *Ámbito de actuación.*

A Comisión coñecerá dos asuntos relacionados coas materias a que se refiren as letras a) e b) do número 1 e o número 2 do artigo anterior, cando as consultas afecten convenios colectivos sectoriais cuxo ámbito de aplicación territorial sexa superior ao dunha comunidade autónoma ou convenios colectivos de empresas con centros de

traballo situados no territorio de máis dunha comunidade autónoma ou nas cidades de Ceuta e Melilla.

Tamén coñecerá a Comisión das consultas sobre a materia sinalada na letra c) do número 1 do artigo anterior, calquera que sexa a implantación territorial da empresa afectada pola consulta.

Artigo 14. *Lexitimación.*

Estarán lexitimados para consultar a Comisión sobre as materias a que se refire o artigo 12:

- a) As organizacións sindicais e empresariais máis representativas.
- b) Calquera órgano de representación unitaria dos traballadores ou entidade sindical ou empresarial que, en virtude da súa representatividade, acredite un interese lexítimo na consulta que formule.
- c) Calquera autoridade laboral ou xurisdiccional que teña competencia en asuntos relacionados, directa ou indirectamente, coa aplicación ou interpretación dun convenio colectivo.

CAPÍTULO IV

Observatorio da negociación colectiva

Artigo 15. *Observatorio da negociación colectiva.*

1. Sen prexuízo do respecto á autonomía colectiva das partes, a Comisión asume funcións de observatorio da negociación colectiva, que englobarán a información, o estudo e a documentación sobre a negociación colectiva, así como a súa difusión.

2. O Observatorio da negociación colectiva desenvolverá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) A realización de informes anuais, de carácter xeral ou sectorial, sobre a situación da negociación colectiva en España desde unha perspectiva xurídica e económica que poidan resultar de utilidade para os interlocutores sociais para determinar os contidos da negociación colectiva.
- b) O seguimento e a análise periódica da negociación colectiva en España, tanto da estrutura da negociación colectiva coma dos seus contidos.
- c) A difusión de boas prácticas e innovacións en materia de negociación colectiva coñecidas no exercicio das funcións anteriormente sinaladas.
- d) A realización de actividades que permitan a difusión da negociación colectiva e do traballo do Observatorio, tales como publicacións, xornadas de estudos ou outras, utilizando para iso especialmente as tecnoloxías da información e a comunicación.

3. Especificamente a Comisión efectuará as seguintes actividades:

- a) Realización de estudos sobre a negociación colectiva.
- b) Organización de xornadas anuais sobre a negociación colectiva.
- c) Realización de foros de debate sobre problemas actuais da negociación colectiva.

CAPÍTULO V

Funcións decisorias*Sección 1.^a Disposicións xerais*Artigo 16. *Obxecto.*

1. A Comisión, no exercicio das súas funcións decisorias, resolverá a discrepancia xurdida entre a empresa e os representantes dos traballadores por falta de acordo nos procedementos de inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo aplicable a que se refire o artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, sempre que concorran as condicións sinaladas nese artigo.

2. Unicamente se poderá solicitar a actuación da Comisión para os efectos do disposto no número anterior cando concorran conxuntamente as seguintes circunstancias:

a) Que non se solicitase a intervención da comisión paritaria do convenio ou que, en caso de se ter solicitado, esta non alcanzase un acordo. En todo caso, resultará preceptivo solicitar a intervención da comisión paritaria cando estea establecido en convenio colectivo.

b) Que non sexan aplicables os procedementos que se establecesen nos acordos interprofesionais de ámbito estatal previstos no artigo 83 do Estatuto dos traballadores para resolver de maneira efectiva as discrepancias xurdidas na negociación dos acordos a que se refire o artigo 82.3 do mesmo texto legal, incluído o compromiso previo de someter as discrepancias a unha arbitrase vinculante, ou cando, téndose recorrido a tales procedementos, estes non resolvesen a discrepancia.

3. A decisión da Comisión que resolva a discrepancia poderá ser adoptada no seu propio seo ou mediante a designación dun árbitro entre expertos imparciais e independentes. Cando haxa conformidade entre as partes da discrepancia sobre o procedemento aplicable para a súa solución, seguirase este. Noutro caso, corresponderá á propia Comisión a elección do procedemento. En todo caso, a decisión deberase ditar nun prazo non superior a vinte e cinco días contado desde a data do sometemento da discrepancia á Comisión. Tal decisión terá a eficacia dos acordos alcanzados no período de consultas e só se poderá recorrer contra ela conforme o procedemento e con base nos motivos establecidos no artigo 91 do Estatuto dos traballadores.

Artigo 17. *Ámbito de actuación.*

A Comisión coñecerá das solicitudes de intervención para a solución de discrepancias nos procedementos de inaplicación de condicións de traballo dun convenio colectivo cando afecten centros de traballo da empresa situados no territorio de máis dunha comunidade autónoma, así como cando afecten as empresas situadas nas cidades de Ceuta e Melilla.

Artigo 18. *Lexitimación.*

Estarán lexitimados para solicitar a actuación da Comisión para a solución das discrepancias por falta de acordo nos procedementos de inaplicación de condicións de traballo previstas nun convenio colectivo, conforme o disposto no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, as empresas e os representantes legais dos traballadores.

Nos supostos de ausencia de representación dos traballadores na empresa, estes poderán atribuír a súa representación a unha comisión designada conforme o disposto no artigo 41.4 do Estatuto dos traballadores.

Sección 2.ª Procedemento para a solución de discrepancias xurdidas por falta de acordo nos procedementos sobre a inaplicación de condicións de traballo previstas nos convenios colectivos

Artigo 19. Inicio do procedemento.

1. O procedemento iniciárase mediante solicitude de parte presentada por vía electrónica na sede electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, acompañada da documentación sinalada no artigo 20. A solicitude deberá indicar o motivo da discrepancia e a pretensión de inaplicación das condicións de traballo que desexa. Para estes efectos, deberá determinar con exactitude as novas condicións de traballo aplicables á empresa e o seu período de aplicación.

Así mesmo, a parte que presenta a solicitude deberá entregar copia á outra parte da discrepancia inmediatamente despois de a presentar na sede electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e informala do número asignado a ela, co fin de que esta poida consultar o estado de tramitación e recibir as notificacións relativas ao procedemento, mediante os representantes a que fai referencia a letra b) do artigo 20 ou calquera outro que expresamente comuniquen á Comisión.

A parte que inicia o procedemento deberá acreditar que cumpriu co sinalado no parágrafo anterior.

2. Unha vez recibida a solicitude na Comisión, o secretario comprobará que reúne os requisitos establecidos neste real decreto e, en caso contrario, dirixirase ao solicitante para os efectos de que complete a súa solicitude no prazo de dez días coa advertencia de que, se así non o fai, se considerará que desiste da súa solicitude, con arquivamento das actuacións. Cando se emenden as deficiencias, o prazo para resolver sinalado no artigo 16.3 comezará a contar desde a data en que se completou a solicitude.

3. O secretario remitirá inmediatamente á outra parte da discrepancia comunicación de inicio do procedemento para que efectúe as alegacións que considere procedentes no prazo de cinco días na sede electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

4. Así mesmo, enviará a solicitude aos membros da Comisión Permanente para efectos de que se pronuncien, no prazo dun día, sobre o procedemento que se debe seguir para a solución da discrepancia, de entre os establecidos no artigo 16.3, sen prexuízo da conformidade das partes na elección de tal procedemento e, de ser o caso, sobre a remisión do procedemento ao Pleno da Comisión. Cando non se obtivesen, dentro do referido prazo dun día, respostas coincidentes en número equivalente ao da maioría absoluta dos membros da Comisión Permanente, a discrepancia resolverase no seo dela, conforme o procedemento previsto no artigo 21. En todo caso, para a adecuada constancia do procedemento que se debe seguir, o secretario comunicará a todos os membros da Comisión Permanente o resultado das respostas obtidas.

5. Cando a Comisión Permanente, de acordo co disposto no número anterior, decidise remitir a solución da discrepancia ao Pleno, o secretario dará traslado da solicitude ao resto dos seus integrantes.

Artigo 20. Documentación.

Á solicitude a que se refire o artigo anterior xuntaráse a seguinte documentación presentada por vía electrónica:

- a) Identificación do solicitante, centros de traballo afectados e enderezo de correo electrónico.
- b) Identificación dos representantes dos traballadores, que inclúa, en todo caso, nome, DNI e enderezo de correo electrónico ao cal se lles poidan efectuar comunicacións.
- c) Acreditación de que se desenvolveu o período de consultas e, de ser o caso, actas das reunións realizadas e posición da outra parte que dá lugar á discrepancia.
- d) No suposto de ter sometido a discrepancia á comisión paritaria do convenio colectivo, acreditación diso e, de ser o caso, pronunciamento dela.

e) De ser o caso, declaración de non ser aplicable á parte que insta o procedemento o Acordo interprofesional de ámbito estatal para a solución efectiva das discrepancias a que se refire o artigo 83.2 do Estatuto dos traballadores.

f) No caso de ter sometido a discrepancia ao procedemento a que se refire o parágrafo anterior, acreditación diso e, de ser o caso, resultado dela.

g) Identificación do convenio colectivo vixente do cal se pretenden inaplicar determinadas condicións de traballo, indicando a súa vixencia temporal.

h) Documentación relativa á concorrencia das causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Para tales efectos tomarase como referencia a documentación que sexa preceptiva na comunicación dos despedimentos colectivos, tendo en conta que, cando as causas económicas alegadas consistan nunha diminución persistente do nivel de ingresos ou vendas, deberá presentar, ademais, a documentación que acredite que se produciu esa diminución durante os últimos dous trimestres consecutivos.

i) Relacións pormenorizadas das condicións de traballo do convenio colectivo que se pretenden inaplicar e a súa incardinación entre as materias previstas nas letras a) a g) do parágrafo segundo do artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, detallando as novas condicións do traballo que se queren aplicar e o período durante o cal se pretenden establecer.

j) Acreditación de ter entregado á outra parte da discrepancia copia da solicitude presentada á Comisión, xunto coa documentación establecida neste artigo.

k) Número e clasificación profesional dos traballadores afectados pola inaplicación de condicións de traballo do convenio colectivo en vigor. Cando afecte máis dun centro de traballo, esta información deberá estar desagregada por centro de traballo e, de ser o caso, por provincia e comunidade autónoma.

l) Conformidade, de ser o caso, das partes da discrepancia sobre o procedemento para a súa solución de entre os establecidos no artigo 16.3 e, de ter optado pola designación dun árbitro, conformidade, de ser o caso, sobre o seu nomeamento.

m) Información sobre a composición da representación dos traballadores, así como da comisión negociadora, especificando se son representación unitaria ou representación elixida conforme o artigo 41.4 do Estatuto dos traballadores.

Artigo 21. *Procedemento mediante decisión no seo da Comisión.*

1. Cando a discrepancia se deba resolver mediante decisión adoptada no propio seo da Comisión, o secretario solicitará informe sobre ela, nos termos establecidos neste punto.

O informe será elaborado polos servizos técnicos dispoñibles pola Comisión no prazo de dez días desde a data de solicitude. Durante ese prazo poderase solicitar ás partes a documentación complementaria ou as aclaracións que se consideren necesarias.

2. Unha vez emitido o informe a que se refire o número anterior, realizarase unha reunión da Comisión Permanente, ou do Pleno, de ser o caso, logo de convocatoria realizada para o efecto cunha antelación de cinco días á data da reunión. Xunto á convocatoria darase traslado a cada un dos membros da Comisión dunha copia do referido informe, así como das alegacións presentadas, de ser o caso, pola outra parte da discrepancia, para a súa análise e estudo.

3. Todas as comunicacións no procedemento se deberán realizar por vía electrónica.

Artigo 22. *Decisión da Comisión.*

1. A decisión da Comisión será motivada e resolverá a discrepancia sometida a ela, decidindo sobre a inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo.

2. A decisión deberase pronunciar, en primeiro lugar, sobre a concorrencia das causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, que dá lugar á inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo.

En caso de non concorreren esas causas, a decisión así o declarará, coa consecuencia de que non procederá a inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo.

3. Cando se aprecie a concorrencia das causas, a Comisión deberase pronunciar sobre a pretensión de inaplicación das condicións de traballo, para o cal valorará a súa adecuación en relación coa causa alegada e os seus efectos sobre os traballadores afectados. A decisión poderá aceptar a pretensión de inaplicación nos seus propios termos ou propor a inaplicación das mesmas condicións de traballo en distinto grao de intensidade. Así mesmo, a Comisión pronunciarase sobre a duración do período de inaplicación das condicións de traballo.

4. A Comisión resolverá e comunicará a súa decisión dentro do prazo máximo establecido ás partes afectadas pola discrepancia.

5. A decisión da Comisión será vinculante e inmediatamente executiva.

Artigo 23. *Designación de árbitros.*

1. Cando exista conformidade entre as partes afectadas pola discrepancia para a designación dun árbitro, será preferente o designado de común acordo.

Noutro caso, e logo de convocatoria da Comisión para o efecto no prazo máximo de catro días desde a data da presentación da solicitude a que se refire o artigo 19, cada un dos grupos de representación propondrá unha relación de dous árbitros. Da lista resultante de seis árbitros, cada un deses grupos descartará por sucesivas votacións, cuxa orde se decidirá por sorteo, o nome do árbitro que teña por conveniente ata que quede un só.

2. No suposto en que non se consiga a designación dun árbitro, a decisión para a solución da discrepancia presentada será adoptada no seo da Comisión seguindo o procedemento establecido no artigo 21.

3. Unha vez designado o árbitro pola Comisión, esta efectuaralle formalmente a encarga, trasladándolle a solicitude a que se refire o artigo 19 e a documentación indicada no artigo 20, e sinalará o prazo máximo en que debe ser ditado o laudo, que deberá cumprir, en todo caso, co disposto no artigo 16.3.

A actuación dos árbitros seguirá o procedemento establecido no artigo 24.

4. A Comisión facilitará ao árbitro as medidas de apoio que necesite para o desempeño da súa función arbitral. Este apoio incluirá, por solicitude do árbitro, a emisión dun informe nos termos establecidos no artigo 21.1.

Artigo 24. *Procedementos para a solución de discrepancias, mediante a designación dun árbitro.*

1. O árbitro poderá iniciar a súa actividade tan pronto como recibise o encargo nos termos establecidos no artigo anterior. Para tal efecto, poderá requirir a comparecencia das partes ou solicitar documentación complementaria.

2. O laudo, que deberá ser motivado, deberase pronunciar, en primeiro lugar, sobre a concorrencia das causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, que dá lugar á inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo.

3. En caso de non concorreren esas causas, o laudo así o declarará, coa consecuencia de que non procederá a inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio colectivo.

4. Cando aprecie a concorrencia das causas, o árbitro deberase pronunciar sobre a pretensión de inaplicación das condicións de traballo, para o cal valorará a súa adecuación en relación coa causa alegada e os seus efectos sobre os traballadores afectados. O laudo poderá aceptar a pretensión de inaplicación nos seus propios termos ou propor a inaplicación das mesmas condicións de traballo en distinto grao de intensidade. Así mesmo, o árbitro pronunciarase sobre a duración do período de inaplicación das condicións de traballo.

5. O árbitro resolverá e comunicará o laudo á Comisión e esta ás partes afectadas pola discrepancia, dentro do prazo máximo establecido de acordo co indicado no artigo 23.3.

6. O laudo arbitral será vinculante e inmediatamente executivo.

Disposición adicional primeira. *Medidas de apoio da Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social á Comisión.*

1. A Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, adscrita á Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, será reforzada nas súas actuacións, referidas ás funcións establecidas no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, pola citada Dirección Xeral de Emprego cando resulte necesario nos supostos de solución de discrepancias por falta de acordo sobre a inaplicación de condicións de traballo e así o solicite o seu presidente á Dirección Xeral de Emprego.

2. Para poder cumprir co reforzo á Comisión que sexa necesario para o desenvolvemento das funcións establecidas no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, a Dirección Xeral de Emprego e a Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social establecerán as medidas de colaboración que sexan necesarias.

Disposición adicional segunda. *Colaboración da Comisión coas comunidades autónomas.*

Mediante convenios de colaboración entre o Ministerio de Emprego e Seguridade Social e as comunidades autónomas poderase establecer a actuación da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, adscrita á Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, no ámbito territorial daquelas comunidades autónomas en que aínda non se constituísen os órganos tripartitos equivalentes á Comisión e mentres estes órganos tripartitos non se constituían. Nestes casos, as empresas e os representantes legais dos traballadores poderán solicitar á Comisión a intervención para a solución de discrepancias por falta de acordo sobre a inaplicación das condicións de traballo presentes no convenio colectivo de aplicación, nas circunstancias e coas condicións establecidas neste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Réxime de aplicación ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas.*

O exercicio das funcións decisorias atribuídas no capítulo V á Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos non se estenderá a aqueles convenios ou acordos colectivos que regulen condicións de traballo do persoal laboral das administracións públicas, aos cales resulta de aplicación a regulación específica sobre solución extraxudicial de conflitos colectivos establecida na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo da aplicación do disposto no capítulo V ás entidades públicas empresariais, ás sociedades estatais, consorcios, fundacións do sector público estatal e entidades de análoga natureza, e os ministerios de Emprego e Seguridade Social e de Facenda e Administracións Públicas quedan facultados para ditar cantas disposicións sexan necesarias en relación coa aplicación das funcións decisorias da Comisión a esas entidades.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogados expresamente o Real decreto 2976/1983, do 9 de novembro, polo que se regula a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, a Orde ministerial do 28 de maio de 1984, pola que se aproba o regulamento de funcionamento da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, e cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título constitucional.*

Este real decreto dítase de acordo co establecido no artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Dereito supletorio.*

No non previsto neste real decreto, a Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos axustará o seu funcionamento ás normas xerais de actuación dos órganos colexiados recollidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.*

1. A letra a) do número 1 do artigo 2 do Real decreto 713/2010, do 28 de maio, queda redactada nos seguintes termos:

«Os convenios colectivos de traballo negociados conforme o establecido no título III do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, así como as revisións salariais que se realicen anualmente nos convenios plurianuais e as motivadas por aplicación das cláusulas de “garantía salarial”, as modificacións, os acordos parciais a que se refire o artigo 86 do mesmo texto legal e as prórrogas dos convenios.»

2. O último parágrafo do artigo 6.3 do Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, queda redactado do modo seguinte:

«O anexo 2.IV cubrirase exclusivamente para os sucesivos anos de vixencia dos convenios plurianuais ou das prórrogas dos convenios. A consignación é obrigatoria, cos datos variables citados, tanto se se acordaron no momento da sinatura do convenio como se son obxecto de negociación ou concreción posterior mediante un acto expreso da comisión á cal o convenio atribúe esta misión.»

3. Engádesse unha nova disposición adicional cuarta ao Real decreto 713/2010, do 28 de maio, co seguinte contido:

« Disposición adicional cuarta. *Depósito de acordos, laudos arbitrais e decisións da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos ou órganos correspondentes das comunidades autónomas sobre inaplicación de condicións de traballo previstas nos convenios colectivos.*

1. Serán obxecto de depósito os seguintes acordos, laudos arbitrais e decisións da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos ou órganos correspondentes das comunidades autónomas sobre inaplicación de condicións de traballo previstas nos convenios colectivos:

a) Os acordos de inaplicación das condicións de traballo previstas nos convenios colectivos segundo o disposto no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, tanto os alcanzados entre o empresario e a representación dos traballadores durante o período de consultas, coma os conseguidos no seo da comisión paritaria do convenio colectivo de aplicación.

b) Os acordos de inaplicación das condicións de traballo previstas nos convenios colectivos a que se refire o artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, cando tales acordos se alcanzasen durante o período de consultas nun

procedemento de despedimento colectivo, suspensión de contratos ou redución de xornada.

c) Os acordos e laudos arbitrais mediante os cales se establece a inaplicación de condicións de traballo previstas no convenio colectivo de aplicación, conforme os procedementos recollidos nos acordos interprofesionais de ámbito estatal ou autonómico previstos no artigo 83.3 do Estatuto dos traballadores.

d) As decisións da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos ou dos órganos equivalentes das comunidades autónomas e os laudos dos árbitros designados por tales órganos, mediante os cales se establece a inaplicación de condicións de traballo previstas no convenio colectivo de aplicación, conforme o establecido no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores.

2. A solicitude de depósito dos instrumentos a que se refire o número anterior ante a autoridade laboral competente deberá incluír o texto do correspondente instrumento e efectuarase a través de medios electrónicos, consignando todos os datos solicitados na aplicación informática deseñada para o efecto.

3. A solicitude de depósito deberaa realizar:

a) Respecto dos instrumentos indicados no punto 1.a), a parte que iniciou o procedemento para a inaplicación de condicións de traballo ou a comisión paritaria en que se logrou o acordo.

b) Respecto dos acordos indicados no punto 1.b), a empresa.

c) Respecto dos instrumentos indicados no punto 1.c), o órgano de dirección do organismo competente, ou a persoa designada por este.

d) Respecto dos instrumentos indicados no punto 1.d), a persoa designada polo órgano competente.»

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de setembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA